

Venres, 1 de setembro de 2023

Estimadas familias:

Falta moi pouco para o inicio do novo curso 2023-2024, e por este motivo queremos poñernos en contacto convosco e trasladarvos algunha información que é do voso interese.

- O curso dará comezo o día 11 de setembro para Educación Infantil, Primaria e ESO.
- No momento da entrada as familias poderán acompañar aos/ás nenos/as ao patio. Para conseguir a maior fluidez posible pregamos ás familias que unha vez os/as nenos/as sexan recollidos/as polos/as titores/as deixen o recinto para recibir ao alumnado das outras etapas educativas. En caso de choiva, o alumnado será recollido na porta do centro polos/as titores/as.
- Non é necesario neste primeiro día que o alumnado traia libros de texto.
- O calendario e horarios do curso escolar 2023-24 estarán ao voso dispor a partires da vindeira semana na páxina web e no taboleiro do centro, así como nas circulares enviadas pola Plataforma Educamos.
- O servizo de comedor, transporte escolar e madrugadores funcionará con normalidade dende o primeiro día de clase (11 de setembro). No caso do transporte escolar, as familias usuarias deberán contactar coa empresa responsable ante calquera dúbida ou consulta.
- Ao longo do mes de setembro informarase (mediante circular, no taboleiro de entrada e na web) da oferta e matrícula de actividades extraescolares.
- As xuntanzas de inicio de curso entre titoras e familias serán:
  - INFANTIL (4 e 5 anos): Xoves 7 de setembro ás 17:00. Entrada: Porta Rúa San Antonio.
  - INFANTIL (3 anos) Xoves 7 de setembro ás 16:00. Entrada: Porta Rúa San Antonio.
  - PRIMARIA (1º e 2º): Mércores 6 de setembro ás 16:30. Entrada: Porta Rúa das Orfas.
  - PRIMARIA (3º e 4º): Mércores 6 de setembro ás 16:00. Entrada: Porta Rúa das Orfas.
  - PRIMARIA (5º e 6º): Xoves 7 de setembro ás 16:00. Entrada: Porta Rúa das Orfas.
  - ESO: As reunións terán lugar na semana do 18 ao 22 de setembro. Enviarase convocatoria ás familias con antelación.

Podedes consultar os horarios do primeiro día nas seguintes páxinas. Se tedes calquera dúbida podedes contactar coa secretaría do centro.

# HORARIOS DO PRIMEIRO DÍA (11 DE SETEMBRO) EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO

## CURSO 2023/2024

### 1. - EDUCACIÓN INFANTIL

EDUCACIÓN INFANTIL – PRIMEIRO DÍA 11 DE SETEMBRO				
CURSO	DÍA	ENTRADA	SAÍDA	LUGAR DE ENTRADA/SAÍDA
4º Ed. INFANTIL	11 de setembro	11:00 h.	12:00 h.	Porta San Antonio
5º Ed. INFANTIL	11 de setembro	10:10 h	13:15 h	Rúa das Orfas
6º Ed. INFANTIL	11 de setembro	10:10 h	13:15 h	6A Infantil -Porta de San Antonio 6B Infantil- Rúa das Orfas

- Os cursos de **5º e 6º** de Educación Infantil terán **a partir do martes 12** o horario **habitual** de setembro.

\* **IMPORTANTE:** Se algunha familia ten dificultades para **conciliar co horario de saída no primeiro día**, poderá recoller aos/ás nenos/as ata ás 14:30 h. avisando previamente aos/ás titores/as.

### 2.- EDUCACIÓN PRIMARIA

EDUCACIÓN PRIMARIA - PRIMEIRO DÍA 11 DE SETEMBRO				
CURSO	DÍA	ENTRADA	SAÍDA	LUGAR DE ENTRADA/SAÍDA
1º Ed. PRIMARIA	11 de setembro	9:50 h	13:30 h	Porta San Antonio
2º Ed. PRIMARIA	11 de setembro	9:40 h	13:30 h	Porta San Antonio
3º Ed. PRIMARIA	11 de setembro	9:30 h	13:30 h	Rúa das Orfas
4º Ed. PRIMARIA	11 de setembro	9:50 h	13:30 h	Porta San Antonio
5º Ed. PRIMARIA	11 de setembro	9:40 h	13:30 h	Rúa das Orfas
6º Ed. PRIMARIA	11 de setembro	9:30 h	13:30 h	Rúa das Orfas

- Todos os cursos de Educación Primaria terán **a partir do martes 12** o horario **habitual** de setembro.

\* **IMPORTANTE:** Se algunha familia ten dificultades para **conciliar co horario de saída no primeiro día**, poderá recoller aos/ás nenos/as ata ás 14:30 h. avisando previamente aos/ás titores/as.

*Hijas de la Caridad*

### 3. - EDUCACIÓN SECUNDARIA

EDUCACIÓN SECUNDARIA - PRIMEIRO DÍA 11 DE SETEMBRO				
CURSO	DÍA	ENTRADA	SAÍDA	LUGAR DE ENTRADA/SAÍDA
1º, 2º, 3º e 4ºESO	11 de setembro	10:30 h.	14:00 h.	Rúa das Orfas

• Todos os cursos da ESO terán **a partir do martes 12** o horario **habitual** de setembro.

\* **IMPORTANTE:** Se algunha familia ten dificultades para **conciliar co horario de saída no primeiro día**, poderá recoller aos/ás nenos/as ata ás 14:30 h. avisando previamente aos/ás titores/as.

Queremos trasladar desde o Equipo Directivo todo o noso ánimo e apoio para sacar adiante este novo curso escolar e agradecemos de antemán ás familias a confianza depositada no noso centro.

Un afectuoso saúdo



O Equipo Directivo